

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 19 DE XANEIRO DE 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen
Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
Cid Narváez, Daniel
Espino Alvarado, Héctor
Fernández Castillo, Diego
Juana López, Jesús de
Lozano González, Carlos
Pérez Rguez, Fco. Javier
Prada Rodríguez, Julio
Presedo Garazo, Antonio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Fdez Contreras, MCarmen
García Cabo, Manuel
Gómez Iglesias, Montserrat
López Díaz, María (Ano
sabático)
Taboada Rodríguez, Sofía
Valín Fernández, Alberto

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o xoves 19 de xaneiro de 2017, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 16 de xaneiro de 2017

- Lectura e aprobación da acta anterior (21 de decembro de 2016)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, do Informe definitivo de autoavaliación de renovación da acreditación
- Aprobación, se procede, do Informe sobre o cumprimento do Plan de viabilidade
- Aprobación, se procede, da solicitude de admisión de Tese de Licenciatura de Diana González Limia

Adenda:

- Debate e aprobación, se procede, do nomeamento da nova coordinación do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (21 de decembro de 2016)

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (cita médica), María López (ano sabático), M^a Carmen Fernández (cuestións laborais), Montserrat Gómez (baixa laboral), Manuel García e Sofía Taboada (motivos persoais).
- Dende a Área de Calidade nos comunican que a data prevista para a acreditación é o 10 de marzo. A partir de agora remitirán a composición do tribunal, o calendario da visita, a documentación que, a maiores da estipulada na guía, nos requiren e as persoas coas que teñen interese en entrevistarse. O lugar elixido para este proceso é a Sala de Profesores, se revisará para que todo funcione e estea en orde nesa data. O director da Área de Calidade e outros membros virán previamente a resolver todas as dúbidas que xurdan.
- Informa que o vindeiro mércores día 25 de xaneiro terá unha reunión, xunto cos demais decanos/as e directores/as do campus, co reitor para falar do mapa de titulacións. Supón que o reitor xa falou co conselleiro e quererá transmitirnos a información obtida.
- Comunica que a Deputación de Ourense invitou á facultade a pertencer á Comisión de Patrimonio a suxestión do profesor Jesús de Juana, quen indicou a importancia da participación da Facultade de Historia. A reunión da constitución foi o 29 de decembro e en representación da facultade asistiu a decana, se alguén quere participar na mesma debe comunicalo ao decanato. Esta comisión non ten unha función resolutiva mais ben de asesoramento en temas de patrimonio. Quedouse á espera da redacción do seu regulamento interno e xa nos irán transmitindo máis información.
- Con respecto ao Contrato-Programa, que regula o orzamento do centro, temos moi bos resultados e imos mellorando con respecto aos anos anteriores.
- Informa que se remitiu á Directora da Área de Grao o borrador da memoria do PCEO de Turismo e Xeografía e Historia. A estrutura destes estudos será de 5 anos e estamos agardando as súas suxestións.
- Comunica que nos puxemos en contacto co representante do alumnado de 3º ciclo, debido a súa ausencia sen xustificar das últimas reunións. O alumno explicou que por motivos persoais e laborais non pode asistir e para non perxudicar á facultade nos procesos que está inmersa, vai presentar a súa renuncia a formar parte da Comisión de Calidade.

3. Aprobación, se procede, do Informe definitivo de autoavaliación de renovación da acreditación

A este informe, que se enviou coa convocatoria, se lle fixeron todas as modificacións apuntadas pola Área de Calidade e pola Comisión de Calidade do centro. A administrativa contratada xa subiu á plataforma todas as evidencias e indicadores.

Os membros da Xunta de Facultade aproban o informe.

4. Aprobación, se procede, do Informe sobre o cumprimento do Plan de viabilidade

A decana comenta que se revisaron todos os puntos do Plan de viabilidade do centro. Se xustificaron todos os ítems cos puntos débiles e as posibles accións de mellora. Cremos que a modalidade semipresencial é importante debido ao aumento da súa matrícula.

Este informe se remitirá á Vicerreitoría de organización académica que o presentará na Xunta de Galicia.

Apróbase o Informe sobre o cumprimento do Plan de viabilidade.

5. Aprobación, se procede, da solicitude de admisión de Tese de Licenciatura de Diana González Limia

Apróbase a solicitude de Tese de Licenciatura por parte da alumna Diana González Limia titulada “Unha aproximación á educación na Antiga Grecia” baixo a dirección da profesora Susana Reboreda.

6. Debate e aprobación, se procede, do nomeamento da nova coordinación do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A decana cédelle a palabra á profesora Beatriz Comendador como coordinadora do máster. Beatriz recorda os inicios do máster coa fusión da Facultade de Historia, a Escola de Minas e a Escola de Restauración. Debido ás esixencias da vicerreitoría respecto ao profesorado externo, a Escola de Restauración abandonou a docencia do máster e este curso ofertou un único módulo, coa conseguinte redución de profesorado e de perda de diversificación. Quedouse á expectativa da remodelación do título. Comenta que antes do Nadal houbo reunións da Comisión de Titulación para sondar ao profesorado da Escola de Minas que impartía docencia no módulo, nestas reunións quedou patente a necesidade de remodelar o máster. Tanto ela como Beatriz Vaquero, secretaria do máster, non queren participar nesta remodelación porque consideran que o máster que sairá desta remodelación non ten nada que ver co que elas defenderon no seu inicio, polo que poñen os seus cargos a disposición. Queren deixar constancia da súa intención de dar a docencia que lles corresponde e de axudar no posible. Beatriz Comendador se compromete a rematar as labores pendentes en cuestións de calidade e da reforma da web que ela iniciou.

A decana pregunta se alguén dos presentes estaría disposto a asumir a coordinación do máster, xa que no seu defecto, a coordinación pasaría á Escola de Minas, que está ao tanto desta reunión. Pensa que sería moi importante mantelo no noso centro como complemento ao Grao en Xeografía e Historia e para darlle unha continuidade co Programa de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural.

O profesor Fermín, que estivo na orixe deste máster, di que a perda do máster para o centro é unha consecuencia negativa para a facultade. Afirmo que asumiría a coordinación coa condición de que na Comisión Académica participen 4 vogais da Facultade de Historia e 3 vogais da Escola de Minas. El propón como secretario da comisión a Adolfo Fernández (contratado Marie Curie) e faltarían outros 2 docentes, as posibilidades que se comentan son: Yolanda Barriocanal, Elena de Uña e Domingo Rodríguez, profesor de Historia Contemporánea adscrito á Ciencias da Educación.

Yolanda comenta que tendo en conta a remodelación do máster pensa que a Comisión debe estar compensada en relación coas áreas e a vinculación co patrimonio.

Elena de Uña comenta a carga de traballo que está asumindo, se se integra nesta comisión tería que deixar outras do centro.

Despois dun intenso debate sobre os pros e contras dos posibles candidatos a ser vogais da Comisión Académica do máster, a decana comenta que vendo que é posible que a condición de catro vogais se cumpra, vaille comunicar á directora da Escola de Minas que Fermín vai asumir a coordinación e falar cos interesados e interesadas para facer unha proposta para constituír a Comisión Académica.

7. Rolda de intervencións

Non hai

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.10 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo Álvarez

MCarmen Arribas